

Compostela, 12-X-71

Benquerindo Luís:

Xa che falou o Domingo do homenaxe que lle queremos facer ao Fermín Pensol, no que procuramos cadrar ben o seu gusto pola bibliofilia coa súa inclinación a eludir a publicidade e a espectacularidade. Por eso matinamos nun libro ben editado, de tirada moi reducida e non venal, que veña ser como un amiestro homenaxe íntimo. Non se trata, claro está, de incluír no tomo a todos os amigos do Pensol, que son demasiados para este fin. Tomamos por base cinco entidades culturais que o homenaxeado quere e admira moi sinceramente: Galaxia, a Fundación Pensol, o Museo Carlos Maride, o Laboratorio de Formas de Galicia e máis a Academia. O conxunto das colaboracións recollerá a presenza destas entidades, a través das persoas que sabemos son motivo de alegría para o Pensol. Por eso pensamos no teu nome, no de Isaac e máis no de Dieste, por séredes persoas que el admira e estima.

Pedínlle a Paco, para cho poder enviar, o tamaño do libro. Paco tratouno co Ricardo e hoxe mandárono. Ahí che vai. Si posible for, gustaríanos tamén arrecadados os orixinais para o cabo deste mes, entre eles as vosas colaboracións artísticas e máis as dúas holanderas de prosa diesteana. Estou seguro de que xa che acorrono Domingo que estas dúas holanderas son para reflexar a imaxe que o autor ten do Pensol ou ben para facer as consideracións que coide oportunas encol da súa personalidade.

Como che dixen, despois da nosa conversa o día da inaugura-

ción da exposición Picasso-Miró falei longamente co Xulio Maside. Comentei con el a necesidade de que no Museo Carlos Maside estea presente o máis representativo da súa obra, e mostrouse de acordo en que así tiña que ser. Penso que, antes de que ti marches, sería ben deixar resolto este asunto.

Apertan nosas para os dous

Ramón